

COMUNICADO Nº 035/23

22 de febrero de 2023

❑ **ANEXO I.- LICENCIA AUTÓNOMICA DE GALICIA.** RALLYES, RALLYMIX, MONTAÑA, AUTOCROSS-RALLYCROSS, KARTING, SLALOM, TRIAL 4x4, CONCENTRACIÓNS E RUTAS.

É normativa de obrigado cumprimento para os Campionatos e Copas de Galicia de Automobilismo, na tempada do 2023 e seguintes:

1.- A licenza expedida pola F. G. A. é a única licenza válida para organizar probas, campionatos e copas que se celebren no ámbito da competencia da F. G. A. Para a organización de probas, Campionatos e Copas no ámbito da competencia da F.G.A., será obrigatorio para os oficiais estar en posesión das licencias autonómicas expedidas pola Federación Galega de Automobilismo.

2.- A licenza expedida pola F. G. A. é a única licenza válida para a participación e puntuación nas probas, campionatos e copas que se celebren no ámbito da competencia da F. G. A. Para participar e puntuar nas probas, Campionatos e Copas de Galicia, concursantes e participantes (piloto e copiloto) deberán posuír a Licencia Autonómica de Galicia, expedida pola Federación Galega de Automobilismo.

3.- Para a tempada 2023, e vindeiras, admitiranse a participar, sen puntuar, a tódalas licencias habilitadas pola Federación Galega de Automobilismo, previo convenio coa Federación expedidora.

4.- Toda proba que se celebre no ámbito de competencia da Federación Galega de Automobilismo, puntuable nos Campionatos, Copas, Fórmulas de Promoción e Monomarcas, admitirá obrigatoriamente a participación coas licencias autonómicas expedidas pola F. G. A.; no caso contrario, a proba non se admitirá en ditos Campionatos, e implicará a perda das subvencións oficiais pactadas pola F. G. A.

5.- A solicitude e obtención de calquera tipo de licenza da F. G. A. (Organizativa ou Participativa), implicará a cesión de forma expresa a F. G. A. de todos os dereitos de imaxe obtidos nas competicións oficiais celebradas no ámbito de competencia da Federación Galega de Automobilismo, para a súa venta, promoción, e difusión pola pública do Automobilismo Deportivo de Galicia.

6.- En tódalas actividades relacionadas co automobilismo que se desenrolen na Comunidade Autónoma de Galicia, xa sexan de tipo deportivo, competitivo, lúdicas, de exhibición, ou de calquera tipo, puntuables para as Copas e Campionatos Galegos ou non puntuables para copa ou campionato algún, organizadas por entidades deportivas, escuderías ou persoas físicas, afiliadas á Federación Galega de Automobilismo, non estará permitida a exclusión ou restrición da participación nas mesmas de persoas ou entidades que contén con licenza en vigor expedida pola Federación Galega de Automobilismo. O incumprimento do presente acordo poderá dar lugar a responsabilidades disciplinarias, das entidades-escuderías, ou persoas responsables de conformidade co art. 87.ñ) dos vixentes estatutos, e terá a consideración de incumprimento de "especial gravidade", con imposición das sancións que procedan polos órganos disciplinarios da Federación Galega de Automobilismo.